Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CONVOCATORIA PARA PRESENTAR PROPOSTAS DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN PARA O DESENVOLVEMENTO DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS, NO MARCO DO COMPOÑENTE 21, INVESTIMENTO 6, DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PLAN MICROCREDS)

BASES REGULADORAS

1. Introdución e obxectivo

Ao abeiro do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo, o Consello de Ministros aprobou en abril de 2021 o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e en abril de 2023 aprobou unha addenda.

Entre as medidas recollidas no mencionado plan está o desenvolvemento de microcredenciais universitarias. As microcredenciais son cursos de formación universitaria cuxo obxectivo é impulsar a recualificación da poboación adulta mediante formacións breves, flexibles, modulares, acumulables e orientadas á adquisición de habilidades e competencias concretas requiridas no ámbito laboral.

En decembro de 2023, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades acordou a efectiva distribución dos créditos ás respectivas comunidades autónomas e formalizáronse os compromisos derivados. A comunidade autónoma de Galicia ingresou a cantidade correspondente e acorda subscribir un convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades públicas do sistema universitario galego (SUG), Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, para o desenvolvemento e a execución das microcredenciais.

O compromiso de cumprimento dos obxectivos implica a emisión por parte das tres universidades públicas do SUG dun total de 3179 microcredencias para persoas adultas a través de 53 accións formativas diferentes. O número que emitirá por cada unha das tres universidades aplícase en función do criterio de poboación, en concreto a porcentaxe respecto do total, da cifra oficial de poboación de 25 a 64 anos.

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

Como resultado da citada distribución, á Universidade de Vigo correspóndelle a emisión de **1548 microcredenciais correspondentes a 26 accións formativas diferentes.**

En consecuencia, a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, a través do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP), realiza a seguinte convocatoria de axudas para financiar a produción e a impartición de microcredenciais universitarias (MCDU) destinadas a cubrir as necesidades de recualificación e a mellora da empregabilidade da poboación de 25 a 64 anos. A convocatoria está financiada pola subvención recibida da Xunta de Galicia segundo o Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e a execución de microcredenciais, do 2 de maio de 2025.

2. Ámbito de aplicación

A presente convocatoria aplícase ás MCDUs presentadas a partir da súa entrada en vigor, que se desenvolvan durante o ano 2025 e 2026 e que cumpran os requisitos para ser financiadas mediante o Plan para o desenvolvemento de microcrendenciais universitarias (Plan Microcreds).

O correspondente financiamento recollido nesta convocatoria mostra os parámetros establecidos no convenio asinado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades públicas do sistema universitario galego (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

3. Financiamento

A dotación económica máxima é de 1.289.903,27 euros.

Distribución segundo a poboación de 25 a 64 anos nos concellos dos campus (Datos do IGE, 2023)	Accións formativas diferentes	Microcredenciais para emitir	Distribución de fondos
UVigo (Vigo, Pontevedra e Ourense)	26	1548	1.289.903,27 €

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

Por tratarse de fondos MRR, están legalmente afectados para financiar os proxectos ou liñas de acción integrados dentro do PRTR co grao de detalle que se especifica neste. Non se poden imputar custos financeiros nin impostos indirectos, como o imposto sobre o valor engadido (IVE).

1. A dotación global asignada a esta convocatoria, destinada a financiar os custos directos de produción e impartición de formación conducente a microcredenciais universitarias, ascende a 1.018.507,16 euros, conforme a seguinte distribución por anualidades:

Ano 2025: 712.781,54 euros.

Ano 2026: 305.725,62 euros.

Serán financiables as actuacións derivadas da organización, produción e impartición das accións formativas.

2. O financiamento final que recibirá cada microcredencial seleccionada na convocatoria será o menor dos seguintes importes:

- O 100 % do seus custos directos de produción e impartición de formación, sen IVE; todos eles xustificados documentalmente.

- 655 euros por cada estudante que superase con éxito a formación.

O resto dos ingresos necesarios para cumprir coas condicións económicas de autofinanciamento requiridos serán cubertos polo prezo público da matrícula establecida para a microcredencial ou, no seu caso, por outros fondos compatibles cos desta convocatoria.

3. Para establecer o prezo público da matrícula dunha microcredencial, terase en conta que este prezo non sexa inferior ao 30 % dos custos directos de produción e impartición, e non poderá superar os custos de produción e impartición, que se estiman en 94 euros por alumno/a e crédito ECTS.

4. Unha vez finalizada cada acción formativa, calcularase o financiamento final de acordo co número de microcredenciais emitidas.

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

4. Requisitos das actuacións financiables

a) A oferta de microcredenciais deberá estar orientada á recualificación da poboación de 25 a 64 anos cumpridos na data do comezo do curso.

b) O deseño das microcredenciais deberá estar enfocado de forma explícita a resultados de aprendizaxe específicos.

c) Para participar neste plan, recoméndase que as **microcredenciais sexan dunha duración curta (entre 2 e 5 ECTS)** e nunca superar os 6 ECTS. A modalidade pode ser presencial, híbrida (semipresencial) ou virtual.

d) A emisión das microcredenciais estará condicionada á avaliación positiva dos coñecementos, habilidades ou competencias adquiridos por parte dos e das participantes.

e) Para o 25 % do alumnado a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custo inferior, de acordo con criterios de necesidade económica e social do alumnado. As universidades comprométense a que unha parte da oferta das microcredenciais se orientará a colectivos de persoas en vulnerabilidade social e necesidades formativas específicas, en colaboración con entidades sociais ou con administracións competentes en materia de acción social ou migracións.

f) A oferta de microcredenciais basearase nunha prospección das necesidades de recualificación da poboación adulta, así como dos sectores produtivos, as administracións e as entidades sociais, co obxecto de facilitar a programación e a actualización de microcredenciais relevantes para as persoas traballadoras e os seus empregadores/as. Este aspecto articularase presentando o documento de «declaración de interese».

g) As microcredenciais deberán adoptar a certificación dixital co obxecto de garantir a seguridade, veracidade e portabilidade internacional, e posibilitar a súa almacenaxe e visualización na carteira dixital do novo Europass.

h) Deberá cumprirse coas medidas de información, comunicación e visibilidade, así como cos criterios de imaxe institucional establecidas na cláusula décima do Convenio asinado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades públicas do sistema universitario galego (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

i) As actuacións financiables non poderán promocionar as seguintes actividades:

- Actividades relacionadas con combustibles fósiles, incluído o uso posterior salvo que se refiran á xeración de electricidade ou calor, así como a infraestrutura de transporte e distribución conexa, utilizando gas natural, que cumpran coas condiciones previstas no anexo III da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo».

- Actividades incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión (RCDE) da UE, cuxas emisións de gases de efecto invernadoiro estimadas non sexan inferiores aos parámetros de referencia. No caso de que a actividade sufragada non conduza cara a unhas estimacións de emisións de gases de efecto invernadoiro que sexan significativamente inferiores aos parámetros previstos, deberá achegarse unha memoria na que se detallen as razóns que o impidan. Os valores revisados dos parámetros de referencia para a asignación gratuíta de dereitos de emisión prevense no Regulamento de execución (UE) 2021/447 da comisión do 12 de marzo de 2021.

- A compensación dos custos indirectos no RCDE UE.

- Actividades relativas á disposición de residuos en vertedoiros, en incineradoras e en plantas de tratamento mecánico biolóxico. Esta exclusión non afecta ás medidas que invistan en plantas dedicadas de forma exclusiva ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, sempre e cando as medidas sufragadas teñan por obxecto incrementar a eficiencia enerxética, a captura de gases de escape para o seu almacenamento ou o uso ou recuperación de materiais das cinzas de incineración. E, ademais, non supoñan un aumento da capacidade de procesamento de residuos ou unha extensión da vida útil da planta.

- Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causarlle un dano ao medio ambiente.

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

5. Presentación de solicitudes e prazo

As novas propostas de MCDU presentaránselle ao Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) a través do formulario para a proposición de microcredenciais universitarias dispoñible en https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14736

As propostas de MCDU deben contar coa aprobación do órgano colexiado da unidade que conste como organizadora académica. A dirección académica debe recaer nun membro do colectivo PDI da Universidade de Vigo e o equipo docente poderá estar formado por profesorado da Universidade de Vigo, así como profesorado externo, especialista na materia ou profesionais do sector que poidan achegar experiencia ás MCDU.

As novas MCDU poderán agruparse para chegar a obter un título propio superior, como mestrado de formación permanente, especialista ou experto/a, mediante a superación das correspondentes MCDU.

As solicitudes de microcredenciais que cumpran coas condicións desta convocatoria poderán presentarse ata o **31 de outubro de 2025** ou **ata que se esgoten os fondos** dispoñibles no Plan Microcreds.

6. Gastos elixibles

A elixibilidade de gastos para financiar ao abeiro desta convocatoria está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, e os futuros desenvolvementos deste regulamento.

a) Gastos de persoal docente coa cualificación necesaria para o deseño, organización e produción de microcredenciais, sempre que a contratación sexa exclusivamente para esta actividade e non teña dobre financiamento. Estes gastos inclúen os custos de dirección e coordinación das actividades formativas.
b) Gastos de persoal de apoio, exclusivamente para a execución do programa.
c) Gastos de adquisición de material e subministracións non inventariables necesarios para executar as actividades subvencionadas.

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

d) Gastos de material inventariable limitado á adquisición de equipamento novo que sexa necesario para executar as actividades subvencionadas e que se destine principalmente para este fin.
e) Gastos de custos de explotación en que incorran os formadores/as, como gastos de viaxe e axudas de custo, e os custos asociados á preparación do material docente.

7. Gastos non elixibles

a) Non poderán imputarse custos financeiros nin impostos indirectos, como o imposto sobre o valor engadido (IVE).
b) Non serán financiables os gastos orzamentarios e recorrentes.

8. Resolución das propostas

Segundo se presenten as propostas, corresponderalle ao Centro de Posgrao e Formación Permanente, a través da súa comisión de estudos, a súa valoración tras o informe favorable da comisión de calidade do CPFP.

As propostas que cumpran os requisitos do apartado 4 poderán ser financiadas ata un máximo do 70 % dos gastos descritos na proposta, dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.

9. Certificación

Unha vez cursada e superada a MCDU, o estudantado poderá obter unha certificación dixital a través da plataforma Europass.

10. Xustificación

a) A dirección dunha microcredencial subvencionada nesta convocatoria deberá presentar unha memoria técnica descritiva das actividades realizadas, en particular, as relacionadas cos ingresos e gastos executados, tanto materiais coma de persoal. A documentación cumprirá as instrucións para xustificar a subvención segundo o indicado no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

b) A documentación xustificativa axustarase aos prazos e conterá os documentos establecidos no Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e a execución de microcredenciais, do 2 de maio de 2025, de concesión de subvención destinada ao financiamento do Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias na comunidade autónoma de Galicia.

c) A memoria técnica descritiva deberá presentárselle ao Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) no prazo máximo de vinte días desde a finalización da MCDU.

11. Publicidade e información

A Universidade de Vigo publicitará a subvención concedida facendo mención expresa á Xunta de Galicia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, en todas as publicacións, carteis e toda a documentación relacionada co proxecto.

A obriga de publicidade á que se refire o apartado anterior comprende calquera tipo de difusión física ou virtual realizada por medio de *flyers*, rótulos, folletos ou anuncios, tanto por redes sociais, webs ou outros medios de difusión propios ou externos, coma por calquera cartel informativo ou publicitario físico que se refira ao proxecto subvencionado ou á microcredencial ofertada.

Ademais, daráselle publicidade en toda a documentación empregada na execución da actividade subvencionada, como o material docente e de impartición, certificacións e documentos de xestión da actividade.

Incluiranse, como mínimo, os logos oficiais das entidades anteriormente mencionadas, na seguinte orde:

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo

Código seguro de Verificación : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

12. Protección de datos

As partes manifestan e comprométense a darlles aos datos de carácter persoal, que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento da presente convocatoria, un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPD), e as normas de desenvolvemento que a cada parte lle resulte aplicable.

Na execución desta convocatoria, as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPD. En consecuencia, cada unha das partes participantes no proxecto responderá individualmente, fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que incorrese.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante unha comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través do correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta enviaralla á competente o antes posible e informará disto a persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións desta convocatoria requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPD, sempre e cando se limiten os mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados/as aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Para calquera consulta envíe un correo electrónico a **cpfp.secretaria@uvigo.gal**

CSV : GEN-026a-b45b-ff30-f0e7-08bd-dae3-b4a3-81da
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 14/05/2025 10:40